

O Toxos celebrará o seu 98 aniversario o 1 de xuño no Jofre

redacción ferrol - | 25 de Mayo de 2013



imaxe de arquivo do festival de aniversario l. polo

O Real Coro Toxos e Froles celebrará o 1 de xuño o seu 98 aniversario. Farao nun acto aberto ó público no teatro Jofre, que comezará ás 20.30 horas e que terá como invitados ó coro Cántigas da Terra da Coruña

O Real Coro Toxos e Froles celebrará o 1 de xuño o seu 98 aniversario. Farao nun acto aberto ó público no teatro Jofre, que comezará ás 20.30 horas e que terá como invitados ó coro Cántigas da Terra da Coruña e ó Rancho das Rendilheiras da Praça de Vila do Conde (Portugal). Son

agrupacións que ademais estarán presentes nos actos que conmemorarán o irmanamento de Ferrol e Vila do

Conde, hai corenta anos.

No acto do Jofre actuarán os anfitrións, que preparan para a ocasión “unha gran sorpresa musical”, aseguran, coa que agasallarán ós asistentes e, sobre todo, ós ferroláns.

solidaridade

A entrada ó aniversario do Toxos é gratuíta (aínda que, como sempre sucede no Jofre, hai que retirar a invitación na taquilla por cuestións de ubicación e aforo). Porén, desde a entidade pídese a colaboración dos veciños nunha causa solidaria, que nesta ocasión son víveres para a Cociña Económica. Habilitarase un lugar para recoller alimentos non perecedeiros na entrada do teatro. Insisten na necesidade de leite, bolachas, café ou cacao soluble, conservas e aceite.

O aniversario do Toxos chega en plena reactivación das actividades culturais do coro, que durante este ano puxo en marcha o ciclo “Xornadas de cultura aberta”, no que mensualmente ofrece un concerto de música tradicional. Polo de agora pasaron xa pola súa sede Os Melidaos, a presentar o seu disco, así como Davide Salvado, Kepa Junquera con La Musgaña e, hai uns días, o coro Aimil. Tamén o grupo Maghúa escolleu o Toxos para presentar o seu disco “Corricán”. Así mesmo, celebra un concurso de cuartetos e tamén un de dúos de gaita e percusión para menores de idade. Retomaron ademais o Congreso de Música Tradicional Terra de Trasancos, que o pasado outubro contou coa presenza de Milladoiro, o obradoiro Seivane e Mini e Mero.

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/o-toxos-celebrara-o-seu-98-aniversario-o-1-de-xuno-no-jofre/20130524232805046975.html>

DiariodeFerrol.com

© 2012 Diario de Ferrol

Copyright © 2012 Noticias de Ferrol, Galicia, España y del mundo - Diario de Ferrol. Todos los derechos reservados. Diseño y Adaptación: Openhost - www.openhost.com